

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

72.121,43 euros.

5. ADXUDICACIÓN

- a) Data: 14 de febreiro de 2007.
- b) Contratista: Terrauga Proyectos y Obras S.L.
- c) Nacionalidade: Española.
- d) Importe de adxudicación: 72.121,43 euros.
- e) Prazo: 3 meses.
- f) Prazo de Garantía: 1 año.

En Silleda, a 15 de marzo de 2007.—O Alcalde-Presidente, José Fernández Viéitez. **2007002854**

A N U N C I O

Transcorrido o prazo de trinta días dende a publicación no B.O.P. do anuncio relativo a aprobación inicial da Ordenanza reguladora da taxa por outorgamento de licenza de primeira ocupación de edificios no concello de Silleda, sen que contra a mesma se presentaran reclamacións ou suxestións, elévase a aprobación provisoria a definitiva procedéndose a súa íntegra publicación:

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA
POR OUTORGAMENTO DE LICENZA DE PRIMEIRA
OCUPACIÓN DE EDIFICIOS NO CONCELLO
DE SILLEDA**

ARTIGO 1.—NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o concello de Silleda establece a Taxa polo outorgamento de licenza de primeira ocupación de vivendas e locais á que se retire o artigo 20.4 h) da Lei 39/88.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os edificios cumpren os requisitos esixidos pola lexislación vixente para ser utilizados ou ocupados.

O carácter obrigatorio desta licenza derivase do establecido no artigo 242.2 da Lei do Solo e no art. 1 do Regulamento de Disciplina Urbanística.

ARTIGO 3.—OBRIGADO TRIBUTARIO

1.—E obrigado tributario contribuínte a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o

artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten a prestación do servizo e os propietarios das vivendas que, inda sin previa solicitude, motiven a actuación administrativa que constitúe o feito imponible.

2.—Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se retire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

3.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que determina o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4.—BENEFICIOS FISCAIS

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os establecidos en normas con rango de lei e os que deriven da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 5.—COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria que procede aboar determinase mediante a aplicación do seguinte cadro, en función dos metros cadrados de edificación obxecto de dita licenza:

1.—Licencias de primeira ocupación de vivendas unifamiliares:

- a) 60,00 euros para vivendas de menos de 200 m².
- b) 90,00 euros para vivendas de 200 m² ou máis.

2.—Licencias de primeira ocupación de vivendas colectivas:

- a) Cota fixa por inmovible: 90,00 euros.
- b) Por cada unidade de vivenda e por cada 300 m² ou fracción de local comercial ou industrial: 12,00 euros.
- c) Por cada 100 m² ou fracción de garaxes, trasteiros e demais dependencias auxiliares: 10,00 euros.

3. Licencias de primeira ocupación de naves e instalacións industriais e comerciais:

- a) Cota fixa por unidade: 90,00 euros.
- b) Por cada 200 m² ou fracción: 12,00 euros.

As tarifas establecidas no cadro anterior poderán incrementarse anualmente en función do índice interanual de prezos o consumo determinado polo Instituto Nacional de Estadística.

ARTIGO 6.—DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal tendente a verificar se os edificios reúnen os requisitos esixidos polo réxime xurídico vixente para que estes poidan ser utilizados ou ocupados. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de

presentación da oportuna solicitude de licenza, se o suxeito pasivo a formulara expresamente.

Cando a utilización ou ocupación se iniciara sen a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o edificio reúne os requisitos esixidos pola lexislación vixente para ser utilizado ou ocupado, con independencia da iniciación do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión de esta condicionada á corrección dos defectos advertidos, nin polo desestamento do solicitante ou renuncia unha vez concedida a licenza.

ARTIGO 7.—NORMAS DE XESTIÓN

1.—Os promotores dos edificios de nova construción, dos que sufriran reformas e os que pretendan modificar o uso das construcións, unha vez concluídas as obras deberán dar conta disto presentado a licenza urbanística en virtude da cal se autorizaron tales obras, se a súa obtención é preceptiva.

Cumprido o citado trámite ou simultaneamente, procederán a solicita-la licenza de primeira ocupación. Se non se solicitara, o Concello, unha vez que tivera coñecemento da terminación das obras ou cambios de uso dos locais requirirá ó suxeito pasivo para que a solicite, sen prexuízo de impoñer as sancións ou de adopta-las medidas que sexan procedentes.

2.—Os servizos técnicos do Concello practicarán os recoñecementos oportunos, comprobando que a actuación se axusta á licenza concedida para a súa execución e que as vivendas contan cos servizos necesarios para a súa primeira utilización conforme ó destino determinado na licenza.

3.—Esixirase o depósito previo da taxa como requisito indispensable sen o que non se procederá a tramitar a solicitude.

Simultaneamente coa concesión da licenza, aprobarase a liquidación practicada, se procede, efectuando as liquidacións complementarias que sexan necesarias ou reintegrando ó suxeito pasivo as cantidades que resulten ó seu favor, seguindo o procedemento establecido para as devolucións de ingresos indebidos.

ARTIGO 8.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así coma das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 148 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, unha vez a aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no Boletín Oficial da provincia, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación.

En Silleda, a 9 de marzo de 2007.—O Alcalde-Presidente, José Fernández Viéitez. **2007002853**

Bases da convocatoria para a provisión en propiedade de unha praza de Garda da Policía Local.

1. *Obxecto:* O obxecto destas bases é regular o procedemento de selección para cubrir unha praza de Garda da Policía Local do Concello de Silleda, vacante no cadro de persoal deste Concello e incluída na oferta de emprego público de 2006.

2. *Sistema de provisión:* Oposición libre. O/a aspirante seleccionado/a deberá superar ademais un curso de formación teórico-práctico no Centro de Estudos Xudiciais e de Seguridade Pública de Galicia.

3. *Clasificación da praza:* Escala de administración especial, Subescala de servizos especiais, Clase: Garda da Policía Local. Todo isto, consonte co disposto no art. 25 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, en relación coa disposición adicional 2ª do RD 861/1986, de 2 de abril, e no art. 22.2 da Lei 3/1992, de 2 de marzo, de coordinación das policía locais de Galicia.

4. *Lexislación aplicable:* O procedemento selectivo de oposición libre establecido, desenvolverase de acordo co previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aprobou o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; na Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas urxentes para a reforma da función pública; no Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do Estado e da provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, aprobado polo RD 364/1995 de 10 de marzo; na Lei 4/1988, de 26 de marzo, da función pública de Galicia e as súas normas de desenvolvemento; nas normas recollidas nas presentes Bases e moi en particular, na Lei 3/1992, de 23 de marzo, de coordinación de policía locais de Galicia, así como no Decreto 204/2000, de 21 de xullo, polo que se refunde a normativa vixente en materia de coordinación de policía locais de Galicia.

5. *Dotación económica:* As retribucións Básicas que corresponden ó grupo D, xunto ás Complementarias, segundo os acordos adoptados pola Corporación Municipal ó respecto, e concretados na correspondente relación orzamentaria.